

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CENTRO DE SIMULACIÓN AVANZADA DE SANTIAGO ACOLLE UN CURSO PARA INSTRUTORES DE SOPORTE VITAL (SVA) ORGANIZADO POLA SOCIEDADE GALEGA DE MEDICINA INTENSIVA

- **O SVA é a atención médica proporcionada por profesionais da saúde xeralmente dentro dunha unidade de coidados críticos**

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro 2024.- O Centro de Simulación Clínica Integral situado no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago continúa co seu labor de formación na excelencia aos profesionais sanitarios. Nesta ocasión trátase dun curso de instrutores de Soporte Vital Avanzado organizado no CESIS por dispoñer da tecnoloxía máis avanzada para a realización deste tipo de formación.

Está avalada polo Plan Nacional de Reanimación Cardio Pulmonar e organizado pola Sociedade Galega de Medicina Intensiva impartido por instrutores galegos e dirixido a persoas con títulos de Soporte Vital Avanzado que proceden de Galicia, Castela León e Canarias.

Para Laura Sayagués, intensivista no CHUS e organizadora do curso, esta formación "é de vital importancia, xa que lle permite aos profesionais da saúde adquirir as habilidades e coñecementos necesarios para brindar atención médica de alta calidade en situacións críticas. Esta formación inclúe técnicas avanzadas de reanimación cardiopulmonar, manexo de vías respiratorias, administración de medicamentos e outras intervencións que poden salvar vidas".

Ademais, "a utilización de tecnoloxía avanzada na formación en soporte vital avanzado permite simular escenarios clínicos realistas, o que facilita el aprendizaxe e a práctica das habilidades necesarias", engade a doutora Sayagués.

Pola súa banda, a xerente da Área Sanitaria de Santiago, Eloína Núñez, destaca que "os simuladores de pacientes de alta fidelidade e os equipos médicos de última xeración dos que dispoñen no CESIS, axudan aos profesionais a familiarizarse con situacións de emerxencia e a desenvolver a confianza e destreza necesarias para tomar decisións rápidas e efectivas".

Por último, a doutora Núñez destaca que Centro de Simulación Avanzada é fundamental para garantir unha formación de calidade en soporte vital avanzado. Este centro proporciona un entorno seguro e controlado onde os profesionais da saúde poden practicar e perfeccionar as súas habilidades. Ademais, o CESIS ofrece programas de formación actualizados e personalizados, adaptados ás necesidades e requirimentos de cada profesional.



Na imaxe, á esquerda, Miguel Vargas técnico sala CESIS ; Ana Tizón, intensivista no CHOU; Miguel Solla, intensivista no CHUAC; Rocío Gómez, intensivista no CHUVI, directora do curso e membro do Comité Nacional de RCP; Eloína Núñez, xerente da Área Sanitaria de Santiago e Barbanza, Laura Sayagués, Intensivista no CHUS e vicecoordinadora autonómica do Plan Nacional de RCP; Luz Couce, directora do CESIS